**Oitava**

Os orixinais remitiranse a:
INSTITUTO DE ESTUDOS CHAIREGOS
V Premio AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ de narrativa infantil e xuvenil pola Igualdade
Casa da Cultura
Praza de Suso Gayoso, 1
Aptado. de Correos, nº 39
27800 Vilalba (Lugo)

**Novena**

Os orixinais non premiados poderán recollelos os/as respectivos/as autores/as no local do Instituto de Estudos Chairegos (Casa da Cultura de Vilalba) durante un período máximo dun mes despois do ditame do premio. Os que non se recollan nese prazo serán destruídos.

**Décima**

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.

PRAZO DE RECEPCIÓN DE ORIXINAIS

**DO 23-04 AO 12-07-2021**

Máis información en:
estudoschairegos.wixsite.com/iescha
vilalba.org ou en xerais.gal

# BASES

V PREMIO AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ
DE NARRATIVA INFANTIL E XUVENIL
POLA IGUALDADE

V PREMIO AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ
DE NARRATIVA INFANTIL E XUVENIL
POLA IGUALDADE




# VILALBA

PRAZO DE RECEPCIÓN DE ORIXINAIS
**DO 23-04 AO 12-07-2021**

Máis información en:
estudoschairegos.wixsite.com/iescha
vilalba.org ou en xerais.gal

Iescha Instituto de Estudos Chairegos VILALBA

Concello de Vilalba

XERAIS

O Premio AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ de narrativa infantil e xuvenil pola Igualdade está promovido polo Instituto de Estudos Chairegos e polo Concello de Vilalba, coa colaboración de Edicións Xerais de Galicia, na honra de Agustín Fernández Paz.

# BASES
# V PREMIO AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ

**Primeira**

Poderán participar todas as persoas de calquera nacionalidade e idade que presenten narracións inéditas en lingua galega, dirixidas ao público infantil e xuvenil, cunha temática vencellada ao compromiso pola igualdade de xénero, raza, nacionalidade…

**Segunda**

Establécese un premio único e indivisible, dotado con 3.000 euros.

Esta cantidade está suxeita ás retencións legais que lle sexan aplicables segundo a lexislación vixente.

**Terceira**

A obra premiada será publicada por Edicións Xerais de Galicia, que se reserva os dereitos de edición da obra premiada nos 1.500 primeiros exemplares. Entregaránselle ao/á gañador/a 30 exemplares.

**Cuarta**

A obra terá unha extensión libre e presentarase encadernada, por cuadriplicado, en papel impreso polas dúas caras, tamaño DIN A4.

Presentarase baixo o sistema de plica, polo que se enviará cun sobre á parte; no exterior do sobre figurará só o lema e no interior incluirase o título da obra, o lema, unha copia do NIF do /a autor/a, o enderezo, teléfono de contacto e correo electrónico.

**Quinta**

O prazo de presentación de orixinais comezará o 23 de abril de 2021, Día Internacional do Libro, e prolongarase até o día 12 de xullo de 2021 (5º cabodano de Agustín Fernández Paz).

**Sexta**

O xurado estará formado por tres persoas de recoñecido prestixio cultural. Emitirá o ditame, que será inapelable, na última semana do mes de outubro de 2021, e poderá declarar o premio deserto.

**Sétima**

A entrega do premio terá lugar nun acto do que se dará conta oportunamente.

BASES



V PREMIO AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ DE NARRATIVA INFANTIL E XUVENIL POLA IGUALDADE